

NOTA DE PRENSA

–A loita contra os incendios forestais–

O Colexio de Biólogos propugna un cambio de actitude cidadá e maior rigor na aplicación da lei

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2006 (Vía Láctea Comunicación).- O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia quere amosar publicamente, como profesionais da Bioloxía, a súa “máxima preocupación polo benestar integral dos galegos”, que só se consegue cunha “boa xestión e unha excelente administración do Patrimonio Biolóxico de Galicia”. Advirte de que os incendios forestais “nos prexudican a todos”, polo que considera que “salvar os nosos montes do lume destrutor é tarefa de todos os galegos”. Igualmente, entende que a causalidade dos lumes require de “profundas análises e reflexións sociais específicas, e mesmo de importantes cambios na nosa actitude cidadá e dun maior rigor na aplicación das leis existentes”.

O colexio profesional de biólogos quere resaltar, ante todo, a gran cantidade de biomasa combustible que se atopa nas áreas forestais. Dende o terrible ano de 1989, no que as lapas asolaron o 10 por cento do monte galego, a tendencia natural de aumento de biomasa en matas, bosques e masas arboradas “non levou asociada en paralelo unha mellor xestión para a prevención dos incendios forestais”, segundo denuncia.

Os ecosistemas forestais –explica o Colexio– ocupan en Galicia dous tercios da súa superficie e son enormes produtores de bens, como madeira, froitos ou caza, así como valores paisaxísticos importantes en turismo, saúde humana, educación, cultura... sen esquecer que a vexetación produce, ademais, outros bens de tipo global e que “poucas veces cuantificamos: produce o osíxeno que respiramos, descontamina o aire, axuda a fixar o CO2 de efecto invernadoiro, protexe o solo, regula o ciclo da auga e as chuvias, evita inundacións e un longo etcétera”. Por tanto, cando se destrúen estas funcións, aparecen múltiples consecuencias biolóxicas e ecolóxicas, pero que tamén afectan de moitos modos ao tecido social dun país, “algo que nos produce unha fonda preocupación”, subliña.

Outra política forestal

O Colexio Profesional de Biólogos quere propór que “se adopte en Galicia unha política forestal que contemple en maior medida o risco de incendio en todas as estratexias e actuacións a acometer, con especial incidencia na prevención”. Precisa que isto debe facerse:

1.- Ordenando a vexetación combustible con criterios biolóxicos, ecolóxicos e sociais, evitando as especies máis susceptibles de incendio e de rexeitamento social, como preconiza dende hai anos a Unión Europea.

2.- Reforzando a información e potenciando a educación de toda a poboación en materia de incendios, dende o convencemento de que só unha sociedade coñecedora do problema poderá afrontalo en todas as súas dimensións.

3.- Vixiando de modo especial o que se denomina nos países mediterráneos a “economía do lume”, e evitando calquera situación lucrativa para particulares ou colectivos, tal como os cambios de uso do solo, entre outras.

PRENSA COLEXIO DE BIÓLOGOS
981 53 14 40 – 609 172 304